

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 4 de xaneiro de 2023 pola que se resolven as solicitudes de subvención da Orde do 12 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia financiadas co Instrumento de Recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR351A) (Diario Oficial de Galicia número 164, do 30 de agosto).*

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos administrativos vinculados á fase de instrucción publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*. A devandita publicación producirá os efectos da notificación, e a súa data será a única válida para o cómputo dos prazos.

A Comisión avaliou as solicitudes e elaborou unha relación de solicitudes coa puntuación que lle corresponde a cada unha, nos termos previstos no artigo 7 destas bases.

O Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario ditou proposta de resolución con base neste procedemento a partir da relación de solicitudes puntuadas, e elevou a proposta de resolución a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, o cal resolverá a concesión das subvencións por delegación da persoa titular da consellería.

Por outra parte, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Por todo o indicado,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as subvencións para fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia financiadas co Instrumento de Recuperación da



Unión Europea (EURI) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e convócanse para o ano 2022 (código de procedemento MR351A), aos solicitantes que se relacionan no anexo I, como consecuencia da aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 7 da convocatoria, pola contías que se reflicten no anexo, e con cargo á aplicación orzamentaria: 14.04.712B.772.0, código de proxecto 2021 00157, para os anos 2022 e 2023.

Esta axuda ten por finalidade:

- i. Promover a utilización de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo.
- ii. Fomentar a introdución de novas tecnoloxías no emprego de maquinaria e equipamentos.
- iii. Racionalizar os custos de mecanización, incrementar os mecanismos de seguranza no traballo, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no medio rural.

Segundo. Denegar as solicitudes de subvención que se relacionan no anexo II por non acadar a puntuación mínima de 5 puntos necesaria para a concesión da subvención (tal e como se establece no artigo 7 da orde), por non cumprir os requisitos exixidos (como se establece no artigo 4) ou como resultado da aplicación do réxime de concorrencia competitiva establecido no artigo 7.a) do cadro de especificacións da orde, establecido o punto de corte en 5 puntos. No caso de empate en puntos, priorizaranse as situacións indicadas no artigo 7.b) do cadro de especificacións da orde de convocatoria. Se aínda persiste o empate, priorizarase pola antigüidade da explotación segundo o establecido no artigo 7.2 da dita orde.

Terceiro. Informar os beneficiarios que figuran no anexo I desta resolución do seguinte:

- a) As condicións de aplicación a estas axudas son, con carácter xeral, as establecidas na Orde desta consellería do 12 de agosto de 2022 que regula estas axudas e, supletoriamente, as establecidas na normativa autonómica, estatal e comunitaria aplicable.
- b) Para a concesión desta axuda e o establecemento das súas características tívose en conta a información e a documentación incluída coa solicitude de axuda. Toda alteración



das condicións iniciais para a concesión das axudas previstas na orde de convocatoria e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) O prazo de xustificación destas axudas é ata o 30 de setembro de 2023.

d) O período durante o que deben destinar os bens ao fin concreto é de 5 anos desde o pagamento da axuda.

e) Para proceder ao pagamento da subvención, o beneficiario deberá cumprir as condicións establecidas na Orde do 12 de agosto de 2022 e presentar a documentación indicada nos seu artigo 28, todo iso sen superar as datas máximas de xustificación indicadas anteriormente.

f) Se o beneficiario da axuda cumpre as condicións establecidas na resolución de concesión, cumprindo cos requisitos da resolución de concesión, aboarase a totalidade da subvención concedida. De non ser así, procederase conforme o establecido no artigo 29 da Orde do 12 de agosto de 2022, relativo a incumprimentos.

g) As obrigas das empresas e das persoas traballadoras autónomas beneficiarias están relacionadas no artigo 26 da orde.

h) Conforme o disposto no artigo 26.g) da orde de convocatoria, o beneficiario da axuda deberá manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con este tipo de fondos de recuperación.

i) Estas axudas proceden do Fondo/programa operativo: instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI) no marco do PDR 2014-2020 do seguinte xeito:

Plan: Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Encaixe estrutural no plan:

Eixe: submedida 4.18 Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas.



Prioridade/prioridade de investimento:

Esta submedida contribúe directamente ás áreas focais: 2A (mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a súa restructuración e modernización, en particular con obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola); e 5D (reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura).

j) Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza, concedida coa mesma finalidade ou para os mesmos investimentos e/o gastos, con excepción das axudas correspondentes a garantías para préstamos ou derivadas doutros instrumentos financeiros comunitarios nas condicións establecidas no artigo 37 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

Conforme iso, se para os mesmos investimentos se solicita ou se concede un préstamo garantido e unha subvención non reembolsable, aplicaranse os límites establecidos no artigo 8.a) do cadro de especificacións da orde de convocatoria.

k) O beneficiario deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader establecida no artigo 21 da orde de convocatoria e no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014.

Cuarto. Os solicitantes relacionados no anexo I e II disporán de información máis detallada da axuda aprobada ou denegada na súa Carpeta cidadá.

Quinto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, consonte o disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro dereito que consideren pertinente.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

O conselleiro do Medio Rural  
P.D. (Orde do 17.11.2015; DOG núm. 223, do 23 de novembro)  
Silvestre José Balseiros Guinarte  
Director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias





ANEXO I  
Aprobacións

Orde	Código de expediente	Beneficiaria	NIF	Puntos criterios de prioridade	Subvención concedida (importe)
1	362022000038	Cobideza, S. Coop.	F36211019	12	88.582,64
2	272022000006	Aira, S. Coop. Galega	F27317593	11	290234,00
3	152022000049	Cooperativas Lácteas Unidas, S. Coop. Galega	F70509096	11	300.000,00
4	152022000051	Aranxes, S. Coop. Galega	F15799273	11	100.000,00
5	152022000062	Nuestra Señora del Perpetuo Socorro, S. Coop. Galega	F15014236	10	90.792,00
6	362022000019	Campodeza, S. Coop.	F36047058	10	80.398,80
7	152022000005	Cusoviamé, S. Coop. Galega	F15025810	9	100.000,00
8	362022000017	O Rodo, S. Coop.	F36100782	9	100.000,00
9	152022000046	Central de Frades, S. Coop. Galega	F15018534	9	82.232,00
10	362022000002	S.Coop. Gandeiros do Deza	F36393775	9	92.800,00
11	362022000012	Maquideza, S. Coop. Galega	F36398923	9	94.607,20
12	362022000011	Gandeiros de Lalín, S. Coop. Galega	F94021250	9	78.080,00
13	272022000057	Vilaxuste, S. Coop.	F27230184	8	21.800,00
14	272022000008	Leira, S. Coop. Galega	F27339043	8	100.000,00
15	362022000020	Aprodeza, S. Coop. Galega	F36188829	8	33.680,00
16	152022000050	Foucellas, S. Coop. Galega	F15847676	8	20.469,20
17	152022000048	Sandión, S. Coop. Galega	F70590286	8	98.316,00
18	272022000045	Coparma, S.Coop. Galega	F27261379	8	99.760,00
19	152022000033	Brandelos, S. Coop. Galega	F15882731	8	100.000,00
20	152022000007	Granxa A Costa, S. Coop. Galega	F70039854	7	79.100,00
21	152022000052	Granxamor Integración, S.Coop. Galega	F70591490	7	100.000,00





Orde	Código de expediente	Beneficiaria	NIF	Puntos criterios de prioridade	Subvención concedida (importe)
22	362022000010	Pena de Francia, S. Coop. Galega	F94004140	7	55.657,20
23	152022000043	CUMA de Xallas e Barcala, S. Coop. Galega	F15844194	7	100.000,00
24	152022000009	Cumadeira, S. Coop. Galega	F15877970	7	92.600,00
25	152022000003	CUMA Xamazas, S. Coop. Galega	F70320684	7	99.400,00
26	152022000037	Portaferreiros, S. Coop. Galega	F70040282	7	24.680,00
27	152022000047	Os Pequenifos, S. Coop. Galega	F70051446	7	99.978,40
28	272022000040	Camposán, S. Coop. Galega	F27274570	7	38.680,00
29	152022000025	Casavella, S. Coop. Galega	F70173083	7	74.084,00
30	362022000018	Sixto, S. Coop. Galega	F36421659	7	99.800,00
31	152022000029	Santaiatordoia, S. Coop. Galega	F15878804	7	40.736,00
32	152022000042	Orceto, S. Coop. Galega	F70511894	7	84.343,20
33	152022000034	Río Mera, S. Coop. Galega	F15949001	7	100.000,00
34	152022000015	Salto, S. Coop. Galega	F15878036	7	87.500,00
35	272022000041	Mesturas, S. Coop. Galega	F27296292	7	92.600,00
36	152022000001	Xallas-Santa Comba, S. Coop. Galega	F15020290	6	46.305,00
37	152022000030	Vitoba, S. Coop. Galega	F70012372	6	94.220,00
38	272022000004	Os Nove, S. Coop. Galega	F27309939	6	75.000,00
39	152022000032	Agroeume, S. Coop. Galega	F15891138	6	36.928,00
40	152022000021	San José de Oa, S. Coop. Galega	F70108360	6	95.680,00
41	362022000028	Novos Gandeiros, S. Coop. Galega	F94185360	6	19.600,00
42	152022000014	Bañas, S. Coop. Galega	F15878010	6	76.300,00
43	272022000036	Reparma, S. Coop. Galega	F27430248	6	73.844,00
44	152022000054	Fradespapucín, S. Coop. Galega	F15835093	6	83.000,00
45	152022000031	A Lamela, S. Coop. Galega	F70616230	6	7.794,50





Orde	Código de expediente	Beneficiaria	NIF	Puntos criterios de prioridade	Subvención concedida (importe)
46	152022000013	Xazaco, S. Coop. Galega	F15877962	6	76.300,00
47	362022000026	Cumadeza, S. Coop. Galega	F36598530	6	38.400,00
48	272022000022	Penadrada, S. Coop. Galega	F01938257	6	99.494,00
49	152022000027	CUMA Coluns, S. Coop. Galega	F70047998	6	97.864,80
50	272022000024	CUMA do Asma, S. Coop. Galega	F27291772	6	90.552,00
51	152022000016	Soneira de Bergantiños, S. Coop. Galega	F70172739	6	45.325,00
52	322022000055	Cume do Avia, S. Coop. Galega	F32337123	5	8.440,00
53	152022000060	Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S. Coop. Galega	F15000177	5	100.000,00
54	362022000053	Estelas da Terra, S. Coop. Galega	F36587228	5	39.766,40
55	322022000065	Cooperativas Ourenšanas, S. Coop. Galega	F32001976	5	35.688,00
56	272022000058	Fripal, S. Coop. Galega	F27483809	5	100.000,00
57	152022000035	Ganadería do Mouro, S. Coop. Galega	F70337068	5	61.250,00

**ANEXO II  
Denegacións**

Orde	Código de expediente	Beneficiaria	NIF	Motivo de denegación: non cumprir
1	152022000023	Tordoia, S. Coop. Galega	F70015243	Incumpre artigo 5, «non será subvencionable a mera reposición»
2	152022000039	Casa Raña, SAT N 1037 XUGA	V15710114	Incumpre artigo 4, «SAT procedente de fusión de polo menos dúas explotacións, nos últimos 5 anos naturais»
3	152022000044	Ganadería do Campo, SAT N 975 XUGA	V15656382	Incumpre artigo 4, «SAT procedente de fusión de polo menos dúas explotacións, nos últimos 5 anos naturais»
4	152022000059	Nós Agricultores, S. Coop. Galega	F72537541	Incumpre artigo 4, «Cooperativa agraria con sección/servizo de maquinaria»
5	152022000061	SAT N 1028 XUGA A Campa	V15698889	Incumpre artigo 4, «SAT procedente de fusión de polo menos dúas explotacións, nos últimos 5 anos naturais»